

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E O CONCELLO DE LALÍN PARA A EXPOSICIÓN TEMPORAL “FOI UN HOME. LAXEIRO EN BUENOS AIRES, 1950-1970”.

En Santiago de Compostela na data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte a **FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA** (en diante “FUNDACIÓN”), con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provisto do NIF G15721640.

Está representada neste acto por D. Román Rodríguez González, Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, en virtude do DECRETO 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 181, de 7 de setembro de 2020), e actuando na súa condición de Presidente do Padroado da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, de conformidade coa aceptación de cargo formalizada ante o Rexistro de Fundacións de interese galego o 02 de marzo de 2015.

Doutra parte, **O CONCELLO DE LALÍN** (en diante a “CONCELLO”), representada neste acto por D. Xosé Crespo Iglesias, na súa condición de Alcalde-Presidente, designado na sesión do Pleno da Corporación do 15 de xuño de 2019, e de acordo co artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

As partes, segundo interveñen, se recoñecen, mutua e reciprocamente, a capacidade legal necesaria e a representación suficiente para formalizar o presente Convenio de Colaboración (ou “Convenio”), e ao efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a **FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA (ou FUNDACIÓN)** foi constituída o día 27 de decembro de 1999, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta entidade co número 73.

Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Edificio CINC (3º andar), Monte Gaiás
15707, Santiago de Compostela
T.: (+34) 881 997 564, F.: (+34) 881 997 577
cidade.cultura@xunta.gal
www.cidadedacultura.gal



Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social *“a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”*.

A Fundación promove aquelas actuacións que se consideren necesarias para dinamizar o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da cultura galega, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou á cultura de base.

Para a consecución dos fins mencionados no apartado anterior, a fundación pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

- a) *As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.*
- b) *As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.*
- c) *As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.*

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia se concibe como unha plataforma de proxectos para o desenvolvemento da cultura e da sociedade galega; crea oportunidades e dinamiza o conxunto do sistema cultural galego a través do impulso e a proxección cultural no seu sentido amplo, innovador e internacional.

Ao mesmo tempo, a Fundación Cidade da Cultura está ideada como un polo cultural de gran envergadura, dedicado ao coñecemento e a creatividade contemporánea, a Cidade da Cultura de Galicia se perfilou dende os seus orixes como un instrumento que, conxugando pasado e futuro, permitira a Galicia abordar de maneira integral un ámbito estratéxico para o seu desenvolvemento: o da cultura.

Debido ás dificultades que en moitos casos entrañan certas actuacións, é polo que se trata de establecer convenios de colaboración para que no seu respectivo ámbito de actuacións ou na súa especialidade se poidan realizar actuacións con outras institucións que se estimen de interese social e cultural.

Neste contexto, a FUNDACIÓN colabora, xunto co Concello de Lalín, na organización da exposición **“FOI UN HOME. LAXEIRO EN BUENOS AIRES (1950-1970)”**. Dita exposición ten a súa orixe no acordo adoptado na sesión do día 26 de xuño de 2021, da Real Academia Galega de Belas Artes, para homenaxear ao longo do ano 2022 á figura de José Otero Abeledo “Laxeiro” (Lalín 1908, Vigo, 21 de xullo de 1996), co propósito de afondar e divulgar a súa figura, decisiva para o desenvolvemento e proxección da arte de Galicia no século XX.

Así, baixo o título da destacada obra de Laxeiro, *“Foi un home”* (1963), a exposición establece unha nova mirada sobre a obra de José Otero Abeledo, amosando a súa madurez plena, que coincide coa

Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Edificio CINC (3º andar), Monte Gaiás
15707, Santiago de Compostela
T.: (+34) 881 997 564, F.: (+34) 881 997 577
cidade.cultura@xunta.gal
www.cidadedacultura.gal



súa longa estadía arxentina entre 1950 e 1970, período no que adquire a súa maior independencia artística.

Laxeiro incorpórase ao núcleo fundamental da cultura galega en América, presidido por Castelao e Luís Seoane. Artistas como Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Maruja Mallo, Manuel Colmeiro e, posteriormente, Isaac Díaz Pardo, forman parte deste contexto cultural galego na emigración. O intercambio de ideas e proxectos coa intelectualidade galega en Arxentina foi unha realidade na traxectoria de Laxeiro. Froito dos contactos cos representantes do Centro Galego decídese realizar unha mostra do arte galego en Buenos Aires no ano 1951. A partir deste proxecto, o pintor de Lalín decide quedarse en Arxentina. Pouco antes do seu regreso a Galicia, en 1968, é de sinalar a exhibición da súa obra na galería Biosca de Madrid, e da inauguración do Museo Laxeiro en Lalín, pois ambas iniciativas inflúen no seu desexo de regresar.

As pezas da exposición “**FOI UN HOME. LAXEIRO EN BUENOS AIRES (1950-1970)**”, foron escollidas por Xosé Carlos López Bernárdez. Son un total de corenta e un cadros, dos que sete corresponden aos artistas que acompañaban a Laxeiro na exposición de 1951 en Buenos Aires.

SEGUNDO.- Que o **CONCELLO DE LALÍN**, dentro das competencias propias sinaladas no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ten encomendada a promoción da cultura e dos seus equipamentos culturais. Nese eido, aos efectos de divulgar a figura dun dos seus artistas máis recoñecidos, no ano 1989 adquiriu a casa residencial do astrónomo Ramón M^a Aller Ulloa, aos efectos de utilizala como “Casa Museo de Fillos Ilustres de Lalín”, de titularidade municipal. Precisamente, o primeiro andar está dedicado ao pintor José Otero Abeledo Laxeiro, con varias obras do autor, e dende o ano 1993, no Museo, organízase unha “Bienal de Arte Pintor Laxeiro”.

TERCEIRO.- Que hai que salientar a importancia de “crear alianzas a favor da cultura”; neste caso, que beneficien a divulgación dos artistas galegos e que contribúan ao enriquecemento cultural da cidadanía galega. Por isto, a importancia de colaborar co CONCELLO, organizando unha exposición pensada para exhibir, non soamente no Museo Municipal Ramón María Aller e no Museo Centro Gaiás, senón tamén para itinerar por outras entidades (Sede de Instituto Cervantes en París, Real Academia de Belas Artes de San Fernando en Madrid).

Tendo en conta o anterior, a FUNDACIÓN e a CONCELLO, manifestan a súa vontade de colaboración no desenvolvemento desde proxecto, e con tal finalidade acordan a sinatura do presente acordo con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto do presente convenio é o establecemento das bases de colaboración para a organización da exposición “**FOI UN HOME. LAXEIRO EN BUENOS AIRES (1950-1970)**”, que se sucederá nunha secuencia cronolóxica iniciada na primavera do ano 2022 (coa súa primeira inauguración no CONCELLO DE LALÍN) noutras sedes expositivas (**segundo o cronograma recollido no anexo I**).

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

En virtude do presente convenio, a **FUNDACIÓN** se obriga a:

1. Xestión e asunción dos custes derivados da contratación do comisariado xeral da mostra.

Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Edificio CINC (3º andar), Monte Gaiás
15707, Santiago de Compostela
T.: (+34) 881 997 564, F.: (+34) 881 997 577
cidade.cultura@xunta.gal
www.cidadedacultura.gal



2. Deseño e execución de gráfica na mostra.
3. Coordinación, deseño e impresión do catálogo.
4. Achega de maneira gratuíta de espazos expositivos na Cidade da Cultura de Galicia, asumindo os custos de seguridade, limpeza e mantemento dos espazos durante o tempo establecido para a mesma, así como os custos dos seguros, transporte e colocación (montaxe e desmontaxe) que deriven da estadía da mostra no Museo Centro Gaiás.
5. Adaptación do deseño do material de difusión, publicidade e promoción da exposicións (anuncios, banners, cartaces, banderolas,...) a partir do existente, respecto da exposición a organizar no Gaiás. Inclúe a produción e impresión do material de difusión para esta única exposición.
6. Colaboración co CONCELLO na xestión de petición de obra e permisos aos prestatarios de obra e coa elaboración de listados de obra e asistencia técnica aos procesos derivados do préstamo, na exhibición da mostra no Museo Municipal de Lalín.
7. Posta a disposición de espazos para a celebración da inauguración na Cidade da Cultura de Galicia e para rolda de prensa relativa á inauguración.
8. Formación e posta en marcha (monitorización) do proxecto educativo no Museo Centro Gaiás.
9. Asunción dos custos derivados da contratación de monitores para visitas comentadas e escolares e visitas de público xeral no Museo Centro Gaiás.
10. Facilitar mensualmente o número de asistentes á mostra e un dossier final da exposición cos datos relevantes da mesma.

En virtude do presente acordo, o **CONCELLO** obrígase a:

1. Xestión de petición de obra e permisos aos prestatarios de obra e xestión dos dereitos de imaxe cos prestadores, en colaboración coa Fundación, para a exhibición no Museo Municipal Ramón M^a Aller de Lalín.
2. Asunción dos custos derivados da contratación do transporte de concentración da mostra no Museo Municipal Ramón María Aller de Lalín e do seguro «cravo a cravo» con cobertura fronte a danos provocados ás obras, durante a exhibición das mesmas no Museo Ramón M^a Aller de Lalín.
3. Recepción, desembalaxe, montaxe, desmontaxe e reembalaxe de obras e, almacenaxe de embalaxes baleiros durante a estadía da exposición no Museo Ramón M^a Aller de Lalín.
4. Rexistros de entrada e saída das obras que recolle o informe de revisión do estado de

Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Edificio CINC (3º andar), Monte Gaiás
15707, Santiago de Compostela
T.: (+34) 881 997 564, F.: (+34) 881 997 577
cidade.cultura@xunta.gal
www.cidadedacultura.gal



todas as obras durante a desembalaxe, montaxe, desmontaxe e reembalaxe das pezas, asinado polos correos designados polas prestadores (de ser o caso) e vixilancia da conservación das pezas artísticas das exposicións durante a súa celebración con envío de reporte de condicións de conservación que poida ser solicitado polas institucións cedentes, respecto da estadía da exposición no Museo Ramón M^a Aller de Lalín.

5. Asunción dos custes relacionados coa vixilancia e limpeza da sala expositiva no Museo Ramón M^a Aller de Lalín , así como o mantemento das condicións ambientais en sala segundo indicacións formuladas polos prestadores de obra.
6. Contratación, produción e execución da campaña de comunicación ou publicidade da exposición a celebrar no CONCELLO, en coordinación coa Fundación Cidade e de acordo coas institucións/entidades implicadas. Neste sentido, realizarase a adaptación, en coordinación coa Fundación, do deseño do material de difusión, publicidade e promoción da exposicións (anuncios, banners, cartaces, banderolas,...) a partir do existente, respecto da exposición a organizar nas sedes de CONCELLO. Inclúe a produción e impresión do material de difusión. En calquera caso, deberá incluírse en dito material os logotipos de Xunta de Galicia, CONCELLO e Fundación.
7. Colocación do material de difusión, publicidade e promoción da exposición (folletos, convites, banderolas,...), en coordinación coa Fundación. En calquera caso, os convites para a inauguración das exposicións serán consensuados previamente por ambas institucións, tanto no relativo ao seu formato como o que respecta a persoas e entidades a convidar.
8. Realización dun acto de inauguración.
9. Desenvolvemento do proxecto educativo e pedagóxico na sala expositiva titularidade de CONCELLO.

A obrigas do Concello respecto da petición de obra a cedentes se limitan á realización de exposición no Museo Ramón M^a Aller de Lalín .

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO

O convenio non comporta gasto para as partes; os custos que deriven dos compromisos das partes sinalados na cláusula anterior serán os que resulten dos procedementos de contratación que correspondan ao marxe da utilización dos medios propios de cada entidade.

CUARTA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO ACORDO

As partes poderán modificar ou resolver o presente acordo en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente acordo en calquera momento, por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de dez días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente acordo por unha das partes facultará ás outras para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Edificio CINC (3º andar), Monte Gaiás
15707, Santiago de Compostela
T.: (+34) 881 997 564, F.: (+34) 881 997 577
cidade.cultura@xunta.gal
www.cidadedacultura.gal



QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Establécese unha Comisión de Seguimento do presente convenio integrada por un mínimo de dous representantes por cada unha das partes asinantes deste convenio. Os membros desta comisión poderán ser substituídos polas persoas que estes designen. A substitución, con carácter definitivo ou temporal, de calquera dos membros da Comisión de Seguimento, será anunciada na convocatoria de reunión correspondente, e quedará debidamente reflectida na acta da mesma.

Esta comisión estará presidida por un dos representantes da FUNDACIÓN, e actuará como secretario un dos representantes do CONCELLO.

A Comisión de Seguimento asumirá, entre outras, as seguintes funcións:

- Supervisar a execución dos proxectos.
- Resolver os problemas de interpretación e cumprimento que se deriven do presente convenio.

A comisión reunirse en sesión constitutiva no prazo dun mes dende a sinatura do convenio e poderá reunirse cantas veces estimen oportuno as partes, para mellor cumprimento e execución deste convenio, e por iniciativa de calquera delas.

SEXTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

1. Tratamento de datos persoais das partes intervenientes no convenio

As partes intervenientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RXPDP). A lexitimación para o tratamento dos datos seus datos, será a execución do presente convenio.

No caso de que, no ámbito deste convenio, os intervenientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados dos extremos previstos no devandito artigo 13.

2. Deber de confidencialidade das partes intervenientes no convenio

As partes intervenientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obriga de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación

Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Edificio CINC (3º andar), Monte Gaiás
15707, Santiago de Compostela
T.: (+34) 881 997 564, F.: (+34) 881 997 577
cidade.cultura@xunta.gal
www.cidadedacultura.gal

escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;

Considerarase información confidencial aquela á que os intervinientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

SÉTIMA.- RÉXIME XURÍDICO E SOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS

O presente convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2017/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

As eventuais discrepancias derivadas do presente convenio que non poidan ser resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula quinta, resolveranse polo procedemento previsto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, para os conflitos de atribucións.

As partes se comprometen a resolver de común acordo calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas na aplicación do presente acordo, e non solucionadas na vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

OITAVA.- VIXENCIA

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura, e a súa vixencia estenderase ata o momento que cese o desenvolvemento nel previsto.

NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente acordo:

1. Polo transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
2. Por acordo unánime das partes,
3. Por incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no presente Convenio. Calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra en quince (15) días coas obrigacións ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable da Comisión de Seguimento establecida na cláusula Décimo cuarta do presente documento. Se transcorrido o prazo indicado persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase por resolto o convenio.
4. Por decisión de calquera das partes, se sobreviñesen causas que impedisen ou dificultasen de forma significativa a execución do Convenio, e sempre que sexa comunicado por escrito ás outras partes cunha antelación mínima dun mes.
5. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
6. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no Convenio ou noutras leis.

Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Edificio CINC (3º andar), Monte Gaiás
15707, Santiago de Compostela
T.: (+34) 881 997 564, F.: (+34) 881 997 577
cidade.cultura@xunta.gal
www.cidadedacultura.gal

7. As disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos polos que extingan as partes ou se dispoñan outros usos para a Cidade da Cultura de Galicia.

Se, en caso de resolución do Convenio, existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente acordo de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do acordo .

E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo no lugar e data sinalados no encabezamento

Pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Polo Concello de Lalín

D. Román Rodríguez González
Presidente do Padroado

D. Xosé Crespo Iglesias
Alcalde-Presidente






Anexo I: Cronograma das exposicións.

(este calendario acordado poderá sufrir variacións por cuestións non previstas na sinatura do presente convenio)


	Sala	Datas da exposición (Inicio - Final)
Lalín	Museo Municipal Ramón María Aller.	1 de abril a 5 de xuño de 2022
Madrid	Real Academia de Bellas Artes de San Fernando	Xuño-Setembro 2022
Santiago de Compostela	Museo Centro Gaiás. Cidade da Cultura de Galicia	29 de setembro ao 27 de novembro de 2022
París	Instituto Cervantes.	19 de xaneiro de 2023 ao 26 de febreiro de 2023



Anexo II: Listado de obra (este listado é provisional e pode sufrir variacións)

Imaxe	Nº orde	AUTOR	Título	Técnica	Cronoloxía	Medidas	Prestador	Valoración
	1	Laxeiro	Abstracto D2:H32	óleo madeira	1960-1970	59x49	Colección Alcalde- Varela, Boiro, A Coruña	catálogo universal nº 0347
	2	Laxeiro	As amigas	tinta/papel	1968	73x101,5	Concello de Lalín, Museo Municipal Ramón Mª Aller	catálogo universal nº 0271
	3	Laxeiro	Retrato	oleo lenzo	1967	65x54	Concello de Lalín, Museo Municipal Ramón Mª Aller	catálogo universal nº 0267
	4	Laxeiro	Abstracto (Sen título)	óleo lenzo	1965	29x29	Colección Alcalde- Varela, Boiro, A Coruña	catálogo universal nº 0386






	5	Laxeiro	maternidade	carbón e tinta /papel	1968	101,5x72,9	Concello de Lalín, Museo Municipal Ramón Mª Aller	catálogo universal nº 0272
	6	Laxeiro	Sen título	ceras e tinta /papel	1968	72,9x101, 5	Concello de Lalín, Museo Municipal Ramón Mª Aller	catálogo universal nº 0268
	7	Laxeiro	Chegada do rei Breogán a Galicia	óleo/ madeira	1954	38,5x79	Museo de Pontevedra	catálogo universal nº 0211
	8	Laxeiro	O espanto	Óleo / madeira	ca. 1962	102x72	Museo de Pontevedra	catálogo universal nº 0214
	9	Laxeiro	Anxos con ás e tetas	carbón e tinta /papel	1968	101,5x72,9	Concello de Lalín, Museo Municipal Ramón Mª Aller	catálogo universal nº 0269



	10	Laxeiro	Figuras	óleo/táblex	1966	41x33	Colección Parlamento de Galicia, Santiago de Compostela	catálogo universal nº 0295
	11	Laxeiro	Bailaríns	tinta e augada papel	1969	47x64	Colección Alcalde-Varela, Boiro, A Coruña	catálogo universal nº 0741
	12	Laxeiro	O mundo	óleo lenzo	1964	194x289	Colección particular, Madrid	catálogo universal nº 0354
	13	Laxeiro	Abstracto	óleo lenzo	1970	63,5x53	Colección Alcalde-Varela, Boiro, A Coruña	catálogo universal nº 0388
	14	Laxeiro	Eolo	tinta papel	ca. 1960	35x25	Colección Alcalde-Varela, Boiro, A Coruña	catálogo universal nº 2211








	15	Laxeiro	Retrato	Óleo / lenzo	1960-70	34x29	Colección Alcalde-Varela, Boiro, A Coruña	catálogo universal nº 0477
	16	Laxeiro	Figura	óleo táboa	ca. 1965	59x49	Colección Alcalde-Varela, Boiro, A Coruña	catálogo universal nº 0407
	17	Laxeiro	Maternidade	óleo lenzo	1963	50x40	Abanca	catálogo universal nº 0143
	18	Laxeiro	Músicos	óleo lenzo	1955	156x207	Afundación	catálogo universal nº 0082
	19	Laxeiro	Abstracción	óleo táblex	1966	64x89	Afundación	catálogo universal nº 0086





	20	Laxeiro	Bella durmiente	óleo lenzo	1964	40x30	Abanca	catálogo universal nº 0147
	21	Laxeiro	maternidade	óleo lenzo	1962	126x89,5	Abanca	catálogo universal nº 0142
	22	Laxeiro	Cencerrada	óleo lenzo	1950	120x221	Afundación	catálogo universal nº 0081
	23	Laxeiro	Bailarin en branco	oleo táboa	1960-1970	59,5x49,5	Colección Alcalde-Varela, Boiro, A Coruña	catálogo universal nº 0348
	24	Laxeiro	Centaura	óleo/cartón	1961	70x100 cm	Abanca	catálogo universal nº 0141



	25	Laxeiro	Asustado	óleo lenzo	1963	30x24	Abanca	catálogo universal nº 0145
	26	Laxeiro	El hijo del loco	óleo lenzo	1964	80x60	Abanca	catálogo universal nº 0146
	27	Laxeiro	Foi un home	Óleo / lenzo	1963	60x50	Abanca	catálogo universal nº 0144
	28	Laxeiro	Jefe azteca	óleo lenzo	1964	40x30	Abanca	catálogo universal nº 0148
	29	Laxeiro	O martirio do boneco Ramón	óleo/ lenzo	1966	200,2x150,5	Abanca	catálogo universal nº 0153
	30	Laxeiro	Señora berrando	óleo/lenzo	1957-1963	53x44	Colección Alcalde-Varela, Boiro, A Coruña	catálogo universal nº 0469



	31	Laxeiro	Bodegón cubista	tintas planas sobre papel	1960-1970	53x64	Colección Alcalde- Varela, Boiro, A Coruña	catálogo universal nº 0941
	32	Laxeiro	Abstracto	óleo lenzo	1964	23x17	Colección Alcalde- Varela, Boiro, A Coruña	catálogo universal nº 0382
	34	Laxeiro	Sen título (Amanecer)	óleo lenzo	1940-50	47,5x48,5	Colección privada Vigo	catálogo universal nº 0394
	35	Luis Seoane	Ruínas da guerra	Óleo / cartón	1949	28x41	Fundación Luís Seoane	
	36	Julia Minguillón	La Tyla y yo	Óleo/ táboa	1943	142x111	Afundación	



	37.2	Carlos Maside	Rúas de Vigo	Óleo /Lenzo	1948	65x45	Parlamento de Galicia	
	38	Antonio Failde	Maternidade	granito	1959	63x28x29	Afundación	
	39	Manuel Prego de Oliver	El baño	óleo /lenzo	1949	95x82	Colección Concello de Ourense, Museo Municipal do Ourense	
	40	Isaac Díaz Pardo	Cachiño dun xuicio final	óleo lenzo	1952	61x101	Artby's Galería, A Coruña	
	41	Manuel Pesqueira	Maternidade	óleo/lenzo	s. d.	80x65	Fundación María José Jove	

